



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A CORPORACIÓN DE SERVICIOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA S.A. PARA A DIVULGACIÓN DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN PATRIMONIAL NO DIARIO CULTURAL DA RADIO GALEGA

## REÚNENSE

**José Carlos López Campos**, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG. Num. 73 do 14 de abril de 2024) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988 do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.

**Concepción Pombo Romero**, directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A actuando en nome e representación da citada entidade en virtude do seu nomeamento polo Pleno do Parlamento de Galicia en data 8 de xullo do 2025 en execución das funcións que se lle atribúen polo artigo 38 da Lei 1/2015 de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

## EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.18 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 5/2016 do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

III. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de promoción e difusión da cultura, e a protección y promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago entre outras, conforme ao Decreto 146/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

IV. Que a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, SA é unha sociedade mercantil integrada no sector público autonómico de Galicia na que se integran os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia que prestan o servizo público de comunicación audiovisual.





A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese polo disposto na Lei 1/2025, de 14 de marzo de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, polos seus estatutos sociais e pola lexislación xeral de comunicación audiovisual.

En segundo lugar, rexeráse pola Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia. En defecto da normativa anterior pola lexislación mercantil.

V. Que as dúas partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o coñecemento e a protección do patrimonio cultural de Galicia, de acordo co seguinte:

- A lei 5/2016 do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia que desenvolve os artigos 9 e 44 da Constitución Española e mais os artigos 27.18 e 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e ten por obxecto protexer, conservar, acrecentar, difundir e fomentar o patrimonio cultural de Galicia como ferramenta para a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural de Galicia (art.1.1).
- En relación coa difusión, a formación e a educación, o artigo 122 da dita lei regula o papel da Xunta de Galicia como promotora do coñecemento sobre patrimonio cultural e a súa salvagarda no sistema educativo e tamén mediante actividades como campañas públicas de divulgación y sensibilización.

VI. Que no marco das súas competencias (art.1 e 14 do Decreto 146/2024, do 20 de maio), a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude promove, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o programa Educación Patrimonial dentro do Plan Proxecta +, coa finalidade de fomentar o traballo sobre o patrimonio cultural no ámbito escolar, espertar a sensibilización do alumnado e aproveitar a potencialidade do patrimonio como recurso educativo transversal.

VII. Que a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, SA, cunha misión de servizo público que inclúe a promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia. (artigo 4 da Lei 1/2015, de 14 de marzo), ten obxectivos e intereses comúns coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude nesta materia e polo tanto é o medio idóneo para dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de proxectos de Educación Patrimonial en Galicia.

VIII. Que ambas as partes consideran e recoñecen reciprocamente as súas competencias e, co fin de materializar a cooperación para presentar proxectos escolares como exemplos de boas prácticas en Educación Patrimonial en Galicia de acordo coas circunstancias que así o aconsellan, acordan subscribir este convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante, a Consellería) e a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (en diante, CSAG), para presentar no programa da Radio Galega "Diario Cultural" o proxecto escolar que máis puntuación acade en cada unha das dúas próximas edicións do programa do Plan Proxecta + "Educación Patrimonial".





## Segunda. Compromisos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

A CSAG comprométese a dar a coñecer no Diario Cultural da Radio Galega, cada comezo de curso, o proxecto mellor valorado na edición anterior do programa Educación Patrimonial.

Esta presentación poderá materializarse ben de xeito presencial, mediante a participación no programa dunha representación do alumnado acompañados do coordinador do proxecto o un profesor participante no proxecto, ou ben mediante un podcast ao que se poderá acceder a través de AgalegaAudio, plataforma de contidos baixo demanda da CSAG.

## Terceira. Compromisos da Consellería

A Consellería comprométese a seleccionar un proxecto por cada curso escolar (2025-26 e 2026-27).

Debido a que o período de avaliación das memorias abarca dende maio-xuño ata o mes de setembro, presentárase o proxecto seleccionado do curso anterior, no primeiro trimestre do curso seguinte. Polo tanto, o proxecto seleccionado deste curso 2025-26, poderá presentarse no Diario Cultural a partir do mes de outubro de 2026.

### 1. Selección dos proxectos

O programa Educación Patrimonial forma parte do Plan Proxecta +, unha iniciativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que promovan o traballo cooperativo, interdisciplinario e competencial, e ademais estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

Para acadar os obxectivos propostos, o Plan Proxecta promove a realización de proxectos interdisciplinarios que fomenten o papel activo do alumnado ante os desafíos sociais, económicos e ambientais da sociedade actual e do futuro e poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade educativa galega.

Dentro do Plan Proxecta, o programa Educación Patrimonial está aberto á participación de centros escolares públicos e concertados con niveles educativos dende infantil a bacharelato, ciclos de Formación profesional, ensinanza para adultos e centros de educación especial.

Os centros que participan no programa realizan un proxecto no que desenvolven unha pescuda sobre o patrimonio e os bens comúns da contorna e elaboran un produto (audiovisual, blog, web...) que teña como finalidade a súa divulgación. Os proxectos desenvolvidos ao longo do curso, avalíanse a través das memorias presentadas na plataforma do Plan Proxecta +, atendendo a seis criterios, 3 deles de carácter xeral establecidos para todos os programas do Plan Proxecta+:

- creación dunha rede de traballo coa participación activa do alumnado
- proxecto Interdisciplinario e transferible
- impacto e difusión do proxecto

Os outros tres son criterios específicos do programa:

- claridade no concepto de patrimonio
- innovación na utilización dos recursos



- calidade dos produtos elaborados.

A Consellería seleccionará o proxecto que acade a puntuación máis alta (ata 5 puntos) para ser presentado, no Diario Cultural da Radio Galega.

A Consellería facilitará á CSAG información sobre o proxecto e as actividades desenvolvidas así como os recursos creados (blogs, webs, audiovisuais, etc) como documentación previa para a preparación do programa.

#### **Cuarta. Comunicación e publicidade**

Calquera tipo de comunicación ou publicidade sobre as actividades previstas neste convenio deberá facer referencia á colaboración entre a Consellería e a CSAG. Deberán figurar, cando corresponda, os logotipos de ambos os dous organismos con igual rango e consideración, así como o logotipo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e do Plan Proxecta +.

#### **Quinta. Condicións económicas**

A realización do obxecto deste convenio de colaboración non implica gasto nen obrigas económicas para ningunha das partes e non require de dotacións orzamentarias específicas.

#### **Sexta. Comisión de seguimento**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería e dous representantes CRTVG designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

#### **Sétima. Vixencia do convenio**

1. Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027. Non obstante, poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con, polo menos, un mes de antelación.
2. O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión de Seguimento e previo acordo das partes mediante a formalización da correspondente addenda.
3. En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, as partes asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.





### **Oitava. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da CSAG á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

### **Novena. Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei; porén, de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

### **Décima. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **Undécima. Administración Dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de



organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2010), pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

E para que así conste, en proba de conformidade e tras a súa lectura, as partes asinan o presente convenio, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José Carlos López Campos

A directora xeral da Corporación de  
Servizos Audiovisuais de Galicia

Concepción Pombo Romero

